

Aurora • unha rebelde innata.

Marco • O traballo como paixón

▼ TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ



É galega polos catro costados e aínda que naceu en Teruel, por mero accidente, posto que a súa nai era mestra e estaba ali destinada, desde moi cativa vive en Santiago. Os seus recordos de Teruel, as súas lembranzas están moi esvaídas. Aurora Marco López é Profesora Titular de Didáctica da Lingua Galega na Escola de Maxisterio de Compostela. Está casada e ten

dous fillos: Beatriz de 17 anos que estudia COU e Pablo de 13, alumnado de 8º de EXB.

É autora de cinco libros publicados, tres feitos en solitario e dous en colaboración. Un destes é *Materiais didácticos de Literatura Galega dos anos escuros e rexurdimento* do que son coautores Dobarro, Martínez Pereiro, Freixeiro Mato e Pérez Pascual, porque é tal a súa deformación profesional, que Aurora confesa, case, non ter "aficións" fóra do seu traballo. A lectura ocupa o seu tempo. Afonda día a día na literatura deste País. Nos últimos tempos dedica especial atención ó teatro. Con Araceli Herrero publicou *O teatro de Xesús Rodríguez López*. Hai pouco, na editorial Laiovento Teatro ignorado de Otero Pedraio. Acaba de gañalo "II Premio Tomás Barros" dedicado monográficamente ó teatro do autor, polo seu estudio "Unha lectura de -O veo de Maya. Propostas didácticas-". O xurado estivo presidido por Isaac Díaz Pardo.

¿Estás realmente tan entusiasmada co teu traballo?

Completamente. Teño tal deformación profesional que me dou conta que mesmo, o meu tempo libre, está ocupado pola literatura galega. Gosto da música, do cine, do teatro, pero... Os meus artigos e publicacións en revistas nacionais, estatais e internacionais xiran arredor dese tema, ó igual que as ponencias en Congresos.

Non ostante, nun principio, a lingua foi o teu campo de traballo.

Si. A miña tese, no ano 78, chamábase "A lingua nas novelas de López Ferreiro". Máis tarde pasei da lingua á literatura.

¿Qué tratas de transmitir os alumnos/as?

Conciencia do País, en primeiro lugar. Trato de conciencialos respecto da lingua galega. Sentadas estas premisas traballo na didáctica da literatura desde a súa etapa medieval, para que logo eles saiban ensinala. É ben certo que se entusiasman decontado. O curso pasado fixeron moito labor de creación: contos, poemas, cantigas... Confeccionaron unha revista de poesía. Organizamos debates sobre a lingua e outros temas relacionados con Galicia. Traballan por equipos mixtos, porque trato de potencia-lo colectivo. Trato de que vivan os problemas galegos e o curso pasado fixeron un xornal *Arume* o que me pareceu moi importante, porque, en xeral, non teñen moita práctica de lectura de prensa. Si teñen lido literatura infantil. Procuo que vaian diferentes autores á clase para comenta-la súa obra.

¿Que experiencia tes co teatro?

Cos alumnos non moi positiva no senso seguinte: mentres se representou en Santiago o *D. Hamlet* de Cunqueiro, dun grupo de 60 alumnos, só, dous foron ó teatro.

O teatro coído que necesita apoio da Administración, un apoio decidido. É un xénero moi social e como medio de galeguización é fundamental. *Esta bastante deixado, abandonado.* Tería que haber salas estabeis, teatros, levalo ós centros de ensino... *potencialo.*

Quero seguir coa tua profesión. Que estes formando os que van formar a outra xeración paréceme moi importante ¿Estas conforme co programa de estudos? ¿Cambiarías algo?

Estou en desacordo co programa. Paréceme que os estudos están "desfasados". Non están inxeridos no entorno. Estanse a preparar os novos plans de estudos e sego a pensar que hai un excesivo enfoque cara os contidos e non á didáctica.

¿É bo o nivel de profesores?

Cada vez mellor. Hai unha preocupación moi grande no novo profesorado. Hai cada vez máis actividades. Os Movementos de Renovación Pedagóxica están a facer o que tería que face-la Administración e non fai. E sempre sen axudas de ningún tipo e con grandes sacrificios. Trabállase moito en temas como: muller, paz, coeducación, sexualidade, xoguetes... *e sempre latexando no fondo o tema da lingua.*

Por certo Aurora como valoras a polémica arredor da lingua.

De verdade que estou farta da polémica ortográfica. Non hai vontade de solucionar-lo problema cando coído que sería moi fácil. De fondo, ó lonxe hai moitos intereses económicos en xogo... Prefiro non afondar nesta historia.

¿E que opinas do que esta a facer a Mesa Normalización Lingüística?

Paréceme un traballo fundamental, tendo en conta que sectores coma a xustiza ou a igrexa van moi lentos neste tema. Os medios de comunicación poderían facer máis.

¿Poderías explicarte máis neste tema dos mass-media?

A prensa, os xornais, non cumpren, agás *A Nosa Terra*, aínda que se detecta un interese crecente pero, só, en cultura. A radio fai un labor máis destacable e a TV a medias. O uso da lingua na televisión



non ten o mesmo nivel. Hai programas cun moi mal emprego do idioma. Daste conta "que falan por obriga". O galego se está a converter nun negocio, o que me parece tristísimo.

¿Desde cando a tua preocupación pola muller. Que opinas do feminismo?

Xa no ano 85, no Congreso de Rosalía, presentei o traballo "Rosalía en Curros" e logo busquei o papel dos personaxes femininos no teatro de Otero Pedraio e Carbalho Calero. Desde cativa teño asumido o "tema da muller", porque o vivín na miña casa. Tiven a sorte de ter un pai "feminista". Miña nai morreu cando eu era pequena e o meu pai —eramos tres mulleres na casa— sensibilizounos moito co tema, coa súa práctica diaria. Non milito no movemento feminista —quizais pola miña idea da "independencia", pero o seu traballo me parece de loubanza, de dignificación da muller, de loita pola súa liberación. É imprescindible traballar para que exista

“Os Movementos de Renovación Pedagóxica están a facer o que tería que face-la Administración e non fai”.

“A muller debe ser valorada pola súa capacidade profesional e non pola súa presenza. Como dicía hai pouco un crítico, nestes momentos, parece que as pernas e os escotes «falan»”.

festa da palabra silenciada e Andaina.

¿E como ves o tema da muller nos medios de comunicación?

En conxunto mal. A muller debe ser valorada pola súa capacidade profesio-



nal e non pola súa presenza. Como dicía hai pouco un crítico, nestes momentos, parece que as pernas e os escotes “falan”. Modelos e misses presentan verdadeiros “bodrios”... Rexeito ás mulleres que se prestan a iso. Esa abundancia de programas eróticos-pornográficos, de carnaza me deprimen. Estou en contra de caras fermosas sen criterio propio. ¡Claro que así son máis manexables para “o poder”!

¿Falas deste tema cos fillos?

Si e co tema da muller e a publicidade están moi sensibilizados. Tento educalos como fixeron connigo: en liberdade e con confianza total. Teño a sorte de que

coherencia entre a túa vida persoal e pública.

¿Acostumas ler revistas feministas?

Non coñezo as de fóra, só, a do Instituto da Muller. De Galicia leo A

o meu home, Xosé Luis, contribúe moitísimo neste tema. Entre outras cousas, el ten moi claro, que o traballo da casa, todo o relacionado con ela, é colectivo.

Tivo moita repercusión a ponencia que presentaches en Madrid, invitada polo Instituto da Muller, sobre o sexismo dun Dicionario da lingua galega para escolares. Fálame do tema e da actitude da Editorial.

Foi unha ponencia que fixen en quince días porque xa traballara no dicionario por outros motivos. Unha análise do *Dicionario básico da lingua galega* fíxome ve-lo sexismo dos seus contidos e desaconsellalo para os escolares galegos porque tampouco está dacordo coa nova educación primaria promovida pola LOGSE. Eu critiquei a falta de criterios metodolóxicos e o forte contido de ideoloxía sexista na selección lexica, nas definicións, nos exemplos e nas ilustracións.

A reacción da editorial (Xerais) de non reeditalo dicionario parece-me moi loable. Teño que dicir, que esta editorial, ten por outra parte, libros premiados para o ensino, polo seu esforzo e a súa aportación o tema da coeducación. Basta con lembrar ó grupo XIZ, que publica en Xerais, e que recibiu o premio do Ministerio de Educación. Sería pois unha incoherencia ter un dicionario tan sexista.

¿Que persoa ou persoas influíron na tua formación profesional e mesmo humana?

Ricardo Carvalho Calero. Foi TODO. Influiu na miña vida persoal, aprendín ÉTICA. Coido que con Castelao

e Cunqueiro é unha das figuras máis sobresáintes deste século. Têñolle devoción. Aprendín a traballar con el. Fixen filoloxía e estiven cinco anos con el como adxunta na Facultade. A súa rectitude, honestidade, coherencia estaban por riba de todo. A súa vida está na liña dos galeguistas máis auténticos. Fixo de Galicia o seu norte. Contaxoume o entusiasmo polo galego, polo País.

¿Hai aínda na literatura galega autores “esquecidos”?

Segue a haber autores ós que se pretende silenciar: Castelao. Outros mal enfo-



cados: Rosalía. Coincido con Díaz Pardo en que Lorenzo Varela é un gran descoñecido. Hai un total silenciamento de escritores reintegracionistas. Parecemos, os demos, da época actual.

¿E que pasa coas mulleres que escriben?

Que cada vez que se fai unha panorámica da muller na literatura da posguerra, dáse unha visión reductora. Por exemplo no campo do ensaio xamáis aparecen, Elvira Souto, Pilar García Negro, Araceli Herrero, Luisa Villalta... Estamos loitando para non estar marxinadas e resulta que estamos marxinadas polo idioma.

Cando conversei con Aurora Marco estaba metida de cheo na organización dun Simposio Internacional sobre "Mulher e Cultura" a desenvolverse nos días 27, 28 e 29 de febreiro na Escola de Maxisterio de Santiago. Neste Congreso colabora AGAL. Aurora Marco coída que o Feminismo, máis ben, a *cultura do feminismo* debe ser asumida pola Universidade. Ela e outras persoas tratarán de desvelar o papel da muller na historia e de facela visible. Non podemos



esquecer que a muller estivo oculta e silenciada, o que é unha grande inxustiza se temos en conta, sobre todo, que as mulleres somos, polo menos, a metade da poboación, da Humanidade.

Aurora Marco tivo e ten unha tendencia innata a "desobediencia", por iso confésame ser unha rebelde innata. Non lle gusta estar suxeita a unhas determinadas actitudes. Sen embargo reconece que a

“Hai un total silenciamento de escritores reintegracionistas. Parecemos, os demos, da época actual”.

independencia págase moi cara neste País, algo que ten constatao, mesmo, a nivel profesional.

Aurora Marco, que vive e traballa, pola defensa de Galicia sen poñer fronteiras é optimista, porque senon, que nos queda... É porque ten confianza na xente nova e en todas aquelas persoas que están xa traballando forte. ▶